

As quendas no debate

Refutación

As refutacións son dúas quendas por cada equipo que se alternan coas refutacións do equipo que defende a outra postura seguindo a seguinte secuencia; primeira refutación a favor, primeira refutación en contra, segunda refutación a favor e segunda refutación en contra.

Durante as roldas de refutación permítese e son necesarias para o debate as interpelacións ao orador que está a refutar por parte dun orador do equipo que defende a outra postura.

En que consiste refutar?

Non é máis que poñer en “tea de xuízo” o afirmado polo outro equipo e en soste a argumentación propia que se empezou a desenvolver na quenda de introdución.

Que buscamos nas quendas de refutación?

- A **refutación pode orientarse** a distintos niveis: **aos termos do debate, á tese ou liña argumental, aos argumentos concretos** –ou a algunha das súas partes, segundo o método A.R.E. (afirmación, razoamento e evidencia)–, así como aos elementos omitidos ou non considerados polo equipo contrario.
- Completar e reforzar o que se desenvolveu nas nosas quendas anteriores e reconstruír os argumentos que fosen refutados polo equipo contrario.

A distribución do tempo na quenda de refutación varía entre a primeira e a segunda intervención. Na primeira refutación, **recoméndase** (lembramos que son meras recomendacións e guías) dedicar aproximadamente un 40 % do tempo ao ataque da liña contraria e un 60 % á construción ou reforzo da propia posición. Na segunda refutación, esta proporción invértese: arredor dun 60 % debería centrarse en desmontar a postura rival e o 40 % restante na reconstrución e peche da liña propia.

Aplicado a un esquema de tres argumentos:

O normal é que o orador ou oradora que faga a primeira refutación explique dous argumentos e teña algo de tempo para refutar os argumentos que expuxese o outro equipo, e que o orador ou oradora que faga a segunda refutación constrúa un só argumento e que por tanto dispoña de máis tempo para destruír os argumentos da outra parte.

As **operacións discursivas propias nunha refutación** en modo destrutivo poden clasificarse en tres:

Recusar: obxectar de forma motivada unha parte da liña argumental contraria por considerala irrelevante, insuficiente ou innecesaria, é dicir, por non cumprir os requisitos de pertinencia ou forza dos argumentos.

Rebater: rexeitar de maneira fundamentada a validez dun argumento rival, cuestionando a súa veracidade, coherencia interna ou capacidade probatoria.

Refutar: contra-argumentar a posición antagonista mediante a construción dun argumento –ou dunha liña argumental completa– orientado explicitamente a demostrar a súa falsidade ou a defender a tese oposta.

Para rematar coa parte de-construtiva dunha refutación **temos que evitar os seguintes erros:**

1) Non tentar refutar todo, debemos centrarnos no importante; isto implica que ten moi pouca importancia o refutar o exordio ou unha idea marxinal ou un “descoido” dun orador do equipo contrario por exemplo que na súa quenda diga que están a favor cando en realidade están en contra. En debate case sempre se cumpre que menos é máis.

2) Completar as refutacións e que estas teñan un soporte lóxico e racional ao nivel dos argumentos.

No que respecta a **parte construtiva dunha refutación**, seguiremos baseándonos no método afirmación-razoamento-evidencia e impacto e por unha banda complementaremos o anticipado polo compañeiro anterior, unha estratexia sería utilizar unha evidencia nova que apoie o noso argumento e que gardaremos.

O que non debemos facer é repetir argumentos xa probados no debate. E doutra banda, ao enfrontar e atopar puntos de choque das liñas argumentais seremos comparativos probando que os nosos argumentos son máis fortes que os do equipo que defende a outra postura e que as evidencias son mais recentes e teñen mais impacto as nosas que as do outro equipo.

Como se estrutura a quenda de refutación?

Avanzabamos nos parágrafos anteriores que o normal nunha refutación o primeiro é poñer en “tea de xuízo” o segundo construír completando / xerando valor ou reconstruír os nosos argumentos. Isto ten o seu sentido porque a última idea que leven os xuíces será a corrección e validez dos argumentos da parte á que lle corresponde a quenda.

No que respecta a forma:

Sen esquecer que o debate académico é unha actividade onde o orador debe mostrar unha actitude de respecto aos participantes no debate esta quenda o intervinente ten liberdade expresiva e formal, pois o único requisito que debe cumprir é achegar documentación dos datos que afirme; por regra xeral, debe mostrar polo menos unha evidencia por cada argumento da súa liña argumental.

É bo que mostremos nas dúas refutacións imaxe de equipo e estar moi ben coordinados entre os dous oradores para que a primeira refutación e a segunda refutación parezan un só bloque.

Por último, a duración desta quenda será de catro minutos.